

CONCRECIÓN CURRICULAR

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36011592	IES Santa Irene	Vigo	2023/2024

Contido	Páxina
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	5
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	8
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	8
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	9
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	10
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	10
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	12
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	12
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	13
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	14
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	15
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	16
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	16
o) Outros apartados	17

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

Os obxectivos da etapa son os logros que se espera que o alumnado acade ao rematar a etapa, tanto na ESO como en Bacharelato, tal e como se recolle nos Decretos 156/2022 e 157/2022 que establecen o currículo de educación secundaria obrigatoria e bacharelato respectivamente na comunidade galega.

Os obxectivos traballaranse ao longo de toda a etapa dende as diferentes materias e ámbitos para acadar a súa consecución ao remate da mesma (tanto na etapa da ESO como de Bacharelato), facendo fincapé, nos seguintes obxectivos en cada un dos niveis:

*Alguns obxectivos repítense en diferentes niveis para traballar nas necesidades detectadas no alumnado.

ESO

1º ESO

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmos, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e do das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado, a empatía e o respecto cara aos seres vivos, especialmente os animais, e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

2º ESO

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, mensaxes e textos complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

3º ESO

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e avanzar nunha reflexión ética sobre o seu funcionamento e a súa utilización.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das demais persoas, así como o patrimonio artístico e cultural.

l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

4º ESO

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

E todos os demais que xa se viñeron traballando e potenciando nos tres primeiros cursos da ESO.

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos; exercitarse no diálogo

afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e avanzar nunha reflexión ética sobre o seu funcionamento e a súa utilización.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmos, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, mensaxes e textos complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das demais persoas, así como o patrimonio artístico e cultural.

k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e do das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado, a empatía e o respecto cara aos seres vivos, especialmente os animais, e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

Bacharelato

En cada un dos niveis de bacharelato contribuírase dende cada unha das materias ao logro dos obxectivos de etapa establecidos no Decreto 157/2022, que establece o currículo para bacharelato na comunidade autónoma de Galicia.

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.

b) Consolidar unha madurez persoal, afectivo-sexual e social que lles permita actuar de forma respectuosa, responsable e autónoma, e desenvolver o seu espírito crítico. Prever, detectar e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais, así como as posibles situacións de violencia.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades de mulleres e homes, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes, así como o recoñecemento e o ensino do papel das mulleres na historia, e impulsar a igualdade real e a non discriminación por razón de nacemento, sexo, orixe racial ou étnica, discapacidade, idade, enfermidade, relixión ou crenzas, orientación sexual ou identidade de xénero, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e na mellora do seu ámbito social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

j) Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao ambiente.

k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Afianzar os hábitos de

actividades físico-deportivas para favorecer o benestar físico e mental, así como medio de desenvolvemento persoal e social.

n) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da mobilidade segura e saudable.

o) Fomentar unha actitude responsable e comprometida na loita contra o cambio climático e na defensa do desenvolvemento sustentable.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio cultural material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

b) A contribución á adquisición das competencias clave

A concreción curricular de centro está deseñada para asegurar que os estudantes adquiran as competencias clave necesarias para o seu desenvolvemento persoal e profesional na sociedade actual. A través de estratexias pedagóxicas innovadoras, actividades interdisciplinarias e unha contorna de aprendizaxe enriquecedora, estamos comprometidos coa formación integral dos nosos estudantes.

Así, en cada unha das programacións das diferentes materias, indícase a contribución de cada unha á adquisición das competencias clave, que son as seguintes:

- Competencia en comunicación lingüística.
- Competencia plurilingüe.
- Competencia matemática e en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría.
- Competencia dixital.
- Competencia persoal, social e de aprender a aprender.
- Competencia cidadá.
- Competencia emprendedora.
- Competencia en conciencia e expresións culturais.

O perfil de saída concíbese como o elemento que debe fundamentar as decisións curriculares, así como as estratexias e as orientacións metodolóxicas na práctica lectiva. Debe ser, ademais, o fundamento da aprendizaxe permanente e o referente da avaliación interna e externa das aprendizaxes do alumnado, en particular no relativo á toma de decisións sobre promoción entre os distintos cursos, así como á obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

Así mesmo, establece a concreción curricular dos principios e fins do sistema educativo referidos á educación básica, que fomenta o resto de decisións curriculares.

Este perfil identifica e define as competencias clave que o alumnado debe desenvolver e adquirir ao remate da educación básica, e introduce orientación sobre o nivel de desempeño esperado ao termo da ESO a través de descritores operativos en cada unha das competencias clave.

ESO

Partindo deste perfil de saída, a continuación establecemos a concreción dos descritores operativos para cada un dos niveis seguindo o establecido no Anexo I do Decreto 156/2022, para os que o profesorado de cada materia deseñará actividades que os traballen, de xeito integrado, na súa disciplina.

1º ESO

CCL2, CCL4, CP1, STEM1, STEM5, CD1, CPSAA1, CC3, CE1, CCEC1

1.- Competencia en Comunicación Lingüística (CCL):

-CCL2. Comprende, interpreta e valora con actitude crítica textos orais, escritos, signados ou multimodais dos ámbitos persoal, social, educativo e profesional para participar en diferentes contextos de maneira activa e informada e para construír coñecemento.

-CCL4. Le con autonomía obras diversas adecuadas á súa idade, seleccionando as que mellor se axustan aos seus gustos e intereses, aprecia o patrimonio literario como canle privilexiada da experiencia individual e colectiva e mobiliza a súa propia experiencia biográfica e os seus coñecementos literarios e culturais para construír e compartir a súa interpretación das obras e para crear textos de intención literaria de progresiva complexidade.

2.- Competencia Plurilingüe (CP):

-CP1. Usa eficazmente unha ou máis linguas, ademais da lingua ou linguas familiares, para responder as súas necesidades comunicativas, de maneira apropiada e adecuada tanto ao seu desenvolvemento e intereses como a diferentes situacións e contextos dos ámbitos persoal, social, educativo e profesional.

3.- Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM):

-STEM1. Utiliza métodos indutivos e deductivos propios do razoamento matemático en situacións coñecidas, e selecciona e emprega diferentes estratexias para resolver problemas analizando criticamente as solucións e reformulando o procedemento, se for necesario.

-STEM5. Emprende accións fundamentadas cientificamente para promover a saúde física, mental e social, e preservar

o ambiente e os seres vivos; e aplica principios de ética e seguridade na realización de proxectos para transformar a súa contorna próxima de forma sustentable, valorando o seu impacto global e practicando o consumo responsable.

4.- Competencia Dixital (CD):

-CD1. Realiza procuras na internet atendendo a criterios de validez, calidade, actualidade e fiabilidade; selecciona os resultados de maneira crítica e arquívaos, para recuperalos, referencialos e reutilízalos, respectando a propiedade intelectual.

5.- Competencia Persoal, Social e de Aprender a Aprender (CPSAA):

-CPSAA1. Regula e expresa as súas emocións, fortalecendo o optimismo, a resiliencia, a autoeficacia e a procura de propósito e motivación cara á aprendizaxe, para xestionar os retos e cambios e harmonizalos cos seus propios obxectivos.

6.- Competencia Cidadá (CC):

-CC3. Comprende e analiza problemas éticos fundamentais e de actualidade, considerando criticamente os valores propios e alleos e desenvolvendo xuízos propios para afrontar a controversia moral con actitude dialogante, argumentativa, respectuosa e oposta a calquera tipo de discriminación ou violencia.

7.- Competencia Emprendedora (CE):

-CE1. Analiza necesidades e oportunidades e afronta retos con sentido crítico, facendo balance da súa sostibilidade, valorando o impacto que poidan supoñer na contorna, para presentar ideas e solucións innovadoras, éticas e sostibles, dirixidas a crear valor no ámbito persoal, social, educativo e profesional.

8.- Competencia en Conciencia e Expresión Culturais (CCEC):

-CCEC1. Coñece, aprecia criticamente e respecta o patrimonio cultural e artístico, implicándose na súa conservación e valorando o enriquecemento inherente á diversidade cultural e artística.

2º ESO

CCL1, CCL4, CP1, STEM2, STEM5, CD2, CD3, CPSAA2, CC4, CE2, CCEC3

1.- Competencia en Comunicación Lingüística (CCL):

-CCL1. Exprésase de forma oral, escrita, signada ou multimodal con coherencia, corrección e adecuación aos diferentes contextos sociais, e participa en interaccións comunicativas con actitude cooperativa e respectuosa tanto para intercambiar información, crear coñecemento e transmitir opinións como para construír vínculos persoais.

-CCL4. Le con autonomía obras diversas adecuadas á súa idade, seleccionando as que mellor se axustan aos seus gustos e intereses, aprecia o patrimonio literario como canle privilexiada da experiencia individual e colectiva e mobiliza a súa propia experiencia biográfica e os seus coñecementos literarios e culturais para construír e compartir a súa interpretación das obras e para crear textos de intención literaria de progresiva complexidade.

2.- Competencia Plurilingüe (CP):

-CP1. Usa eficazmente unha ou máis linguas, ademais da lingua ou linguas familiares, para responder as súas necesidades comunicativas, de maneira apropiada e adecuada tanto ao seu desenvolvemento e intereses como a diferentes situacións e contextos dos ámbitos persoal, social, educativo e profesional.

3.- Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM):

-STEM2. Utiliza o pensamento científico para entender e explicar os fenómenos que ocorren ao seu arredor, confiando no coñecemento como motor de desenvolvemento, facéndose preguntas e comprobando hipóteses mediante a experimentación e a indagación, utilizando ferramentas e instrumentos adecuados, apreciando a importancia da precisión e a veracidade e mostrando unha actitude crítica sobre o alcance e as limitacións da ciencia.

-STEM5. Empeña accións fundamentadas cientificamente para promover a saúde física, mental e social, e preservar o ambiente e os seres vivos; e aplica principios de ética e seguridade na realización de proxectos para transformar a súa contorna próxima de forma sustentable, valorando o seu impacto global e practicando o consumo responsable.

4.- Competencia Dixital (CD):

-CD2. Xestiona e utiliza a súa contorna persoal dixital de aprendizaxe para construír coñecemento e crear contidos dixitais, mediante estratexias de tratamento da información e o uso de diferentes ferramentas dixitais; selecciona e configura a máis adecuada en función da tarefa e das súas necesidades de aprendizaxe permanente.

-CD3. Comunícase, participa, colabora e interactúa compartindo contidos, datos e información mediante ferramentas ou plataformas virtuais, e xestiona de maneira responsable as súas accións, a presenza e visibilidade na rede, para exercer unha cidadanía dixital activa, cívica e reflexiva.

5.- Competencia Persoal, Social e de Aprender a Aprender (CPSAA):

-CPSAA2. Comprende os riscos para a saúde relacionados con factores sociais, consolida estilos de vida saudable nos ámbitos físico e mental, reconece condutas contrarias á convivencia e aplica estratexias para abordalas.

6.- Competencia Cidadá (CC):

-CC4. Comprende as relacións sistémicas de interdependencia, ecodependencia e interconexión entre actuacións locais e globais, e adopta, de forma consciente e motivada, un estilo de vida sustentable e ecosocialmente responsable.

7.- Competencia Emprendedora (CE):

-CE2. Avalía as fortalezas e debilidades propias, facendo uso de estratexias de autoconecemento e autoeficacia, e

comprende os elementos fundamentais da economía e das finanzas, aplicando coñecementos económicos e financeiros a actividades e situacións concretas, utilizando destrezas que favorezan o traballo colaborativo e en equipo, para reunir e optimizar os recursos necesarios que leven á acción unha experiencia emprendedora que xere valor.

8.- Competencia en Conciencia e Expresión Culturais (CCEC):

-CCEC3. Expresa ideas, opinións, sentimentos e emocións por medio de producións culturais e artísticas, integrando o seu propio corpo e desenvolvendo a autoestima, a creatividade e o sentido do lugar que ocupa na sociedade, cunha actitude empática, aberta e colaborativa.

3º ESO

CCL3, CCL4, CP3, SREM3, STEM5, CD4, CPSAA3, CPSAA4, CC1, CE2, CCEC2

1.- Competencia en Comunicación Lingüística (CCL):

-CCL3. Localiza, selecciona e contrasta de maneira progresivamente autónoma información procedente de diferentes fontes, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e intégra e transfórmaa en coñecemento para comunicala adoptando un punto de vista creativo, crítico e persoal á vez que respectuoso coa propiedade intelectual.

-CCL4. Le con autonomía obras diversas adecuadas á súa idade, seleccionando as que mellor se axustan aos seus gustos e intereses, aprecia o patrimonio literario como canle privilexiada da experiencia individual e colectiva e mobiliza a súa propia experiencia biográfica e os seus coñecementos literarios e culturais para construír e compartir a súa interpretación das obras e para crear textos de intención literaria de progresiva complexidade.

2.- Competencia Plurilingüe (CP):

-CP3. Coñece, valora e respecta a diversidade lingüística e cultural presente na sociedade, integrándoa no seu desenvolvemento persoal como factor de diálogo, para fomentar a cohesión social.

3.- Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM):

-STEM3. Formula e desenvolve proxectos deseñando, fabricando e avaliando diferentes prototipos ou modelos para xerar ou utilizar produtos que dean solución a unha necesidade ou un problema de forma creativa e en equipo, e procura a participación de todo o grupo, resolve pacificamente os conflitos que poidan xurdir, adáptase ante a incerteza e valora a importancia da sustentabilidade.

-STEM5. Emprende accións fundamentadas cientificamente para promover a saúde física, mental e social, e preservar o ambiente e os seres vivos; e aplica principios de ética e seguridade na realización de proxectos para transformar a súa contorna próxima de forma sustentable, valorando o seu impacto global e practicando o consumo responsable.

4.- Competencia Dixital (CD):

-CD4. Identifica riscos e adopta medidas preventivas ao usar as tecnoloxías dixitais para protexer os dispositivos, os datos persoais, a saúde e o ambiente, e para tomar conciencia da importancia e necesidade de facer un uso crítico, legal, seguro, saudable e sustentable das devanditas tecnoloxías.

5.- Competencia Persoal, Social e de Aprender a Aprender (CPSAA):

-CPSAA3. Comprende proactivamente as perspectivas e as experiencias das demais persoas e incorpóraas á súa aprendizaxe, para participar no traballo en grupo, distribuindo e aceptando tarefas e responsabilidades de maneira equitativa e empregando estratexias cooperativas.

-CPSAA4. Realiza autoavaliacións sobre o seu proceso de aprendizaxe, buscando fontes fiables para validar, sustentar e contrastar a información e para obter conclusións relevantes.

6.- Competencia Cidadá (CC):

-CC1. Analiza e comprende ideas relativas á dimensión social e cidadá da súa propia identidade, así como aos feitos culturais, históricos e normativos que a determinan, demostrando respecto polas normas, empatía, equidade e espírito construtivo na interacción cos demais en calquera contexto.

7.- Competencia Emprendedora (CE):

-CE2. Avalía as fortalezas e debilidades propias, facendo uso de estratexias de autoconhecimento e autoeficacia, e comprende os elementos fundamentais da economía e das finanzas, aplicando coñecementos económicos e financeiros a actividades e situacións concretas, utilizando destrezas que favorezan o traballo colaborativo e en equipo, para reunir e optimizar os recursos necesarios que leven á acción unha experiencia emprendedora que xere valor.

8.- Competencia en Conciencia e Expresión Culturais (CCEC):

-CCEC2. Goza, recoñece e analiza con autonomía as especificidades e intencionalidades das manifestacións artísticas e culturais máis destacadas do patrimonio, distinguindo os medios e soportes, así como as linguaxes e os elementos técnicos que as caracterizan.

4º ESO

Todos os descritores das 8 competencias clave tal e como se recollen no decreto 157/2022.

BACHARELATO

Para o desenvolvemento das competencias claves nesta etapa debemos ter en conta os descritores operativos establecidos para cada unha delas no anexo I do Decreto 157/2022, de maneira que o profesorado de cada materia

deseñará actividades integrais que permitan traballalos en máis dunha materia á vez.

c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais

Segundo o artigo 18 do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, referente a Elementos Transversais:

1. Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgúns das materias da etapa, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballarase en todas as materias.
2. En todo caso, fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a concienciación e formación sobre o cambio climático, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
3. Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.
4. Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente.
5. A consellería con competencias en materia de educación fomentará as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

A metodoloxía será activa e participativa, entendendo a aprendizaxe como un proceso persoal e de interacción social que os alumnos e alumnas constrúen en función das relacións comunicativas que se organizan no contexto do centro e a aula. Neste contexto fomentaranse a creación dun clima e ambiente de traballo que permita relacións informativas e formativas que xeren, en definitiva, un contexto estimulante cara á aprendizaxe e a cultura mediante a creación de vínculos positivos. En concreto, unha metodoloxía baseada na integración do alumnado no seu propio proceso de aprendizaxe. En consecuencia, favorecerase a participación do alumnado na dinámica xeral da clase, procurando a implantación de actividades que fomenten o traballo en grupo e propicien o deseño e desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe.

Os principios básicos da aprendizaxe no centro serán os seguintes:

- A coherencia, na medida do posible, de todas as materias. A adaptación das materias ao contexto do centro que realizará cada profesor/a deberá facerse en función das características do grupo e completarse coas contribucións da experiencia docente diaria. O profesorado adoptará o papel de guía do proceso de ensino-aprendizaxe.
- Traballarase na aprendizaxe por facilitación, que consistirá en proporcionar dun xeito ordenado e simple os contidos relevantes, e aprendizaxe por descubrimento, dispoñendo as condicións e os materiais máis idóneas para que o alumnado, asumindo unha actitude máis autónoma, adquira o seu propio coñecemento.
- Práctica ou aplicación dos coñecementos sempre que sexa viable, posto que isto supón unha das mellores formas de consolidar as aprendizaxes.
- Facer explícita a utilidade dos contidos que se imparten no sentido de aumentar a motivación e o seu uso no ambiente cotián.
- Propoñer tarefas como desafíos, como unha meta con certo grao de dificultade pero asequible ao mesmo tempo, aumentando o interese no alumnado e contribuíndo a incrementar o grao de autonomía e a consideración positiva cara ao esforzo.
- Fomento do traballo en grupo como medio para o intercambio de experiencias e a cooperación entre o alumnado.
- Funcionalidade das aprendizaxes partindo dunha estreita relación co contorno mediante visitas, saídas ou traballos de campo, coa idea de resolver problemas, satisfacer inquietudes, realizar investigacións que permitan comprender a realidade ou novos fenómenos. Esta perspectiva funcionalista da aprendizaxe logrará captar a atención

e a motivación do alumnado ao favorecer a utilización do aprendido en circunstancias da vida real, en situacións prácticas ou como instrumento para lograr novas aprendizaxes.

- Construtivismo na aprendizaxe permitindo expor a necesidade de enfoques interdisciplinares na abordaxe das actividades ou propostas de traballo, nas que o alumnado se converte en protagonista do seu propio proceso de aprendizaxe.
- Traballo intelectual activo mediante o uso das técnicas de traballo e estudo que favorezan a comprensión e a memorización.

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

Entendemos por materiais e recursos didácticos aqueles elementos empregados polos/as docentes para facilitar e conducir a aprendizaxe.

O criterio principal para a selección dos materiais e recursos didácticos será de tipo pedagóxico, entendido este como a capacidade dos materiais e recursos para facilitar e promover a aprendizaxe.

1. Libros de texto.

Os departamentos seleccionan os libros de texto, cuxa vixencia mínima terá que ser de seis cursos académicos, segundo a Orde do 29 de maio de 2013 pola que se termina o período de vixencia do libros de texto e demais materiais curriculares.

Estes libros de texto deben estar adaptados ó currículo establecido nas seguintes normas:

Real Decreto 217/2022, do 29 de marzo, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Secundaria Obrigatoria.

Real decreto 243/2022, do 5 de abril, polo que se establecen as ensinanzas mínimas do bacharelato.

Decreto 152/2022, de 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Ademais do programa autonómico Fondo Solidario de Libros de Texto, solicitado polas familias para os curso da ESO, o centro conta cun Banco de préstamo de Libros de Texto, de cara a complementar o Fondo, sempre dentro das súas posibilidades económicas e aberto a donacións de libros por parte das familias o remate de curso.

2. Biblioteca. Libros de lectura obrigatoria e libros de consulta.

Os departamentos remitirán os libros de lectura obrigatoria á coordinadora da Biblioteca a principio de curso, para que poida garantir un número suficiente de exemplares para ser emprestados ó alumnado que así o precise. Estarán contemplados no Proxecto Lector do Centro.

O Plan Anual de Lectura é un programa de obxectivos e acción que constitúe a concreción anual do Proxecto Lector de Centro, adaptado ás características e necesidades do noso centro e do momento que estamos a vivir. Destacamos aquí os seus obxectivos específicos de Fomento da Lectura:

- Conseguir que o fomento da lectura non se circunscriba só á biblioteca e os departamentos de linguas, senón que implica á totalidade da comunidade educativa, tendo en conta que a competencia lectora debe ser avaliada desde todas as materias.
- Incentivar no alumnado a sensibilidade literaria, cultivar o seu gusto e o pracer de ler, compensando a falta de estímulos familiares, sociais ou persoais.
- Alentar o crecemento lector nos alumnos dun xeito continuado, potenciando as ferramentas lectoras, como son a habilidade mecánica, a comprensiva e o dominio do vocabulario, descubríndolles as posibilidades de utilización de diferentes modos de lectura.
- Favorecer a comprensión lectora mediante técnicas de traballo persoal e na aula, potenciando o uso do dicionario para resolver dúbidas sobre o vocabulario específico das distintas áreas.
- Estimular o hábito da lectura, espertando a necesidade de ler dende as idades máis temperás, coa continuación do Club de Lectura (aprobado polo CE do 24 de outubro do 2022).
- Concienciar ás familias da estreita relación que existe entre a mellora da competencia lectora e o éxito escolar.
- Propiciar o intercambio de experiencias lectoras tanto entre o alumnado como entre este e o profesorado.
- Implicar todo o profesorado nas actividades, campañas ou outras experiencias de dinamización para potenciar o hábito lector dos alumnos/as.
- Favorecer a lectura como un medio de integración e mellora social.
- Desenvolver coa lectura a cooperación, a coeducación e a igualdade rexeitando a desigualdade e a discriminación social.
- Que a biblioteca se convirta nun espazo de inclusión e vertebrador e dinamizador do centro.

3. Materiais dixitais, Aula Virtual, Dotación de Aulas comúns, Dotación de Aulas específicas e Aulas de Informática.

- Todo o alumnado e profesorado do centro contará cunha conta Google Workspace, así como acceso a Aula Virtual.
- Existe a posibilidade de préstamo de equipos para que o alumnado con menos recursos poida traballar dende a casa, minimizando así a fenda dixital. Serán os tutores os que informen á dirección acerca de alumnado con necesidades ó respecto.
- As aulas comúns contan con pizarra dixital ou pantalla interactiva, un ordenador e acceso a internet.
- As aulas específicas (Música, Tecnoloxía, Debuxo, Laboratorio FeQ, Laboratorio Bioloxía) están dotadas con materiais pertencentes a cada un dos departamentos implicados. A maioría dese material, funxible ou inventariable, pode ser considerado como recurso didáctico.
- Existen tres aulas de informática no centro. Ademais das horas fixas asignadas, o profesorado poderá empregalas de xeito ocasional cos seus grupos rexistrando as sesións desexadas no calendario trimestral de emprego de aulas Info exposto na sala de profesorado.

4. Aulas Polos Creativos.

O centro forma parte do programa Polos Creativos, e conta con dous espazos dotados con materiais para desenvolvemento de proxectos, tanto de tipo constructivo/tecnolóxico como audiovisual, a disposición dos docentes e alumnado que así o requira. O profesorado interesado poderá recorrer ó Coordinador de Polos Creativos para concretar usos e proxectos.

f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

Distribución do alumnado

Na distribución do alumnado en grupos rexen os principios de flexibilidade, coeducación, aprendizaxe cooperativa e non discriminación por razón de raza, sexo, relixión, lingua ou capacidade intelectual.

Para a formación de grupos teranse en conta criterios pedagóxicos e considerar criterios organizativos (espazos, medios materiais e dispoñibilidade horaria do profesorado).

Os grupos do mesmo nivel terán ratios similares tendo en conta que segundo o capítulo I, art. 4 da Orde do 12 de marzo de 2013 as ratio por aula é de 30 alumnos/as para a ESO e 33 para Bacharelato.

Oferta educativa, itinerarios e optatividade

ESO

- Nos cursos 1º ESO, 2º ESO e 3º ESO ofertaranse a totalidade das materias recollidas no Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, sen ningún tipo de itinerario.

- No curso 4º ESO, ofertarase a totalidade das materias optativas recollidas no Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, en tres itinerarios: ciencias e ciencias da saúde, ciencias sociais e humanidades e ensinanzas orientadas á formación profesional.

BACHARELATO

- Nos cursos 1º Bacharelato e 2º Bacharelato ofertaranse os seguintes catro itinerarios: ciencias da saúde, ciencias e tecnoloxía, ciencias sociais e humanidades. (Ensinanzas de diúrno e adultos)

Os criterios para a oferta de optativas no bacharelato son os seguintes:

- Demanda por parte do alumnado. Enquisa no mes de febreiro de cada ano.
- Maior oferta posible de materias optativas segundo dispoñibilidade de espazos e profesorado.
- Ponderación das materias nas probas ABAU.

g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias

Segundo o artigo 23 da Orde do 1 de agosto de 1997 considéranse actividades complementarias aquelas que se realizan co alumnado en horario lectivo, e que formando parte da programación anual, teñen un carácter diferenciado polo momento, espazo, ou recursos que empregan.

Prioridades e criterios xerais para o seu desenvolvemento:

- a) Como norma xeral, non se autorizará ningunha actividade na semana previa ás avaliacións, especialmente co alumnado de bacharelato. Cabe a excepción daquelas que non ocupen máis que sesión de materias implicadas directamente na súa realización (charlas, conferencias, obradoiros curtos...)
- b) Procurarase a participación de grupos completos.
- c) Priorizaranse actividades multidisciplinares nas que colaboren diferentes departamentos e/ou equipos de

dinamización (igualdade, benestar emocional, TIC, polos creativos, contratos programa, titorías...)

- d) Procurarase que as actividades que afecten a varios grupos e/ou departamentos se fagan de xeito coordinado.
- e) Deberán abranguer, na medida do posíbel, áreas transversais, como a educación en igualdade e na diversidade sexual ou a orientación académica e profesional e fomentar o benestar emocional, a autoestima e socialización do alumnado.
- f) Secuenciaranse por niveis, evitando que o mesmo alumnado participe na mesma actividade en diferentes cursos académicos.
- g) Priorizaranse as actividades gratuítas, ou co menor custo posible, para favorecer a participación do alumnado con menos recursos. No caso de actividades programadas nas instalacións do centro e sin necesidade de transporte, buscarase o xeito de financiarlas na súa totalidade dende o centro educativo (concertos, representacións, conferencias, obradoiros...)

Programación e organización:

1. A Programación Xeral Anual (PXA), aprobada polo Consello Escolar, no seu Capítulo III, recollerá o programa de actividades complementarias e extraescolares que se prevé desenvolver ao longo do curso.

Para a súa inclusión na PXA, os Xefes dos diferentes Departamentos Didácticos deberán presentar ante a Vicedirección do centro, nas primeiras semanas do curso, un resumo cos datos relativos ás actividades que se prevé desenvolver.

O programa anual destas actividades ten en conta as propostas do profesorado, dos departamentos, e do alumnado. As actividades que vaian xurdindo durante o resto do curso académico (obradoiros, representacións, exposicións, conferencias, concertos, ...) incorporaranse ao plan con posterioridade, previa comunicación á vicedirección.

Cando pola celebración dunha actividade esté prevista unha saída fóra do centro, debe ser autorizada polo Consello Escolar.

Cando a saída implique a alumnos/as menores de idade, deberán contar con autorización de nai/pai/titor legal.

2. Unha vez aprobadas as actividades que se desenvolverán, deberá presentarse ante a Vicedirección do centro, coa suficiente antelación, a seguinte información:

Denominación da actividade.

Nome do/s Departamento/s que a levan a cabo.

Data, horario e lugar previstos para o seu desenvolvemento.

O transporte a empregar no caso de ser necesario.

O custo e fórmulas de financiamento.

Listaxe de alumnado participante indicando a etapa e nivel ao que pertence. Remitirse dende o email corporativo á dirección ies.santairene@edu.xunta.gal

O profesorado responsable e acompañante que colaborará no seu desenvolvemento.

No caso de saídas do centro, as autorizacións de pai/nai/titor/a legal de alumnado menor de idade deben estar entregadas a tempo (3 días antes da data de celebración da actividade). Ningún estudante poderá participar se non cumpre este requisito. O alumnado que non participa nas saídas debe asistir a clase de xeito habitual.

3. A ratio profesor/alumno será de 1/20 para toda actividade realizada fora das instalacións do centro. Como norma xeral, en todas as saídas deberán participar un mínimo de dous profesores/as. A dirección do centro poderá autorizar saídas cun so docente cando, sendo o grupo de alumnado participante reducido, a actividade non se considere de risco e/ou interveñan monitores ou persoal externos no desenvolvemento da mesma.

4. A persoa responsable da actividade deberá controlar a asistencia do alumnado inscrito.

5. A non asistencia reiterada, así como o incumprimento das NOFC pode supoñer a perda do dereito a asistir a algunha actividade.

6. Unha vez rematada a actividade, será recomendable a realización dunha avaliación dos resultados obtidos e do grao de satisfacción por parte de todos os participantes na mesma.

7. Durante a realización das actividades complementarias e extraescolares observarase o respecto ás normas xerais de convivencia do centro recollidas nas NOFC. Aquel alumnado cun comportamento contrario a ditas normas poderá ser privado da participación neste tipo de actividades. Así mesmo, o profesorado acompañante poderá establecer normas específicas para cada actividade ou saída, co obxecto de facilitar a organización da mesma, garantir o cumprimento de horarios e manter a disciplina e as boas formas.

No caso das viaxes de estudos, se o comportamento dun alumno/a fose considerado como excepcionalmente grave polo profesorado acompañante, poderá suspenderse definitivamente a súa participación na viaxe, comunicándollo aos seus pai/nai/titores legais para que se encarguen de recollelo no aeroporto, estación de tren ou autobús máis próxima... e facéndose cargo dos gastos de transporte ocasionados.

8. Tanto as visitas culturais como as actividades programadas durante o desenvolvemento das actividades complementarias, extraescolares e/ou viaxes de estudos son obrigatorias para todos os participantes nas mesmas.

9. Non se suspenderán as actividades lectivas ordinarias nos grupos correspondentes durante a realización de saídas ou viaxes de estudos para o alumnado que non participe nas mesmas. En todo caso, non poderán realizarse probas ou exames nas datas en que se celebren ditas actividades.

10. Toda actividade complementaria que se realice en horario lectivo e teña carácter gratuíto é de interese xeral para todo o grupo, e polo tanto obrigatoria.

11. O profesorado acompañante pasará lista antes dunha saída para comprobar que está todo o alumnado participante, e deixará constancia das incidencias ou variacións na lista de participantes que se poidan producir. No caso de faltar algún dos alumnas/as inicialmente inscritos para a actividade, comunicárase tal circunstancia ó equipo directivo para que poidan informar a pai/nai/titor/a legal.

12. Cando se organicen dentro das instalacións do centro actividades complementarias que afecten a todo o alumnado dun o varios grupos, o profesorado que tivese clase con eses grupos, deberá acompañalos durante o desenvolvemento da actividade.

h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

O artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia establece que o alumnado que acade a promoción de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias e destinado a súa recuperación.

Ese plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que o/a alumno/a teña pendente(s) de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno. No caso de que a materia non sexa a mesma polo cambio do currículo, preferentemente, será elixido, o profesorado que teña coñecemento do proceso de aprendizaxe e da realidade educativa da alumna ou do alumno por terlle impartido docencia no curso anterior ou impartirlle docencia no curso actual.

O departamento didáctico velará pola realización dos plans de materias pendentes por parte do alumnado. Para superar a materia pendente o alumnado deberá obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente. En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan.

O plan de reforzo deberá incluír polo menos as seguintes seccións:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.
- c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- f) Tarefas para realizar, coa debida temporalización.
- g) Seguimento e avaliación.
- h) Acreditación da información á familia.

O sistema de avaliación dos diferentes departamentos así como as datas das probas de avaliación serán publicados, con antelación, na páxina web do centro.

i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

O artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia establece que o alumnado que repita un ano máis no mesmo curso deberá seguir un plan específico personalizado.

Á vista do informe individualizado elaborado polo profesorado que lle impartiu docencia o curso anterior, o profesorado que lle dá clase no presente curso académico será o responsable da súa elaboración, baixo a coordinación do Departamento de Orientación. No dito Plan, como mínimo, deberán establecerse actividades concretas para superar as dificultades detectadas no proceso de ensino-aprendizaxe, os criterios de cualificación e as canles para informar periodicamente ás familias.

O plan debe ser individualizado para cada estudante, tendo en conta as súas fortalezas, debilidades e estilos de aprendizaxe. Isto implica adaptar as estratexias de ensino, materiais e actividades de aprendizaxe ás necesidades de cada estudante. Se o estudante ten necesidades educativas especiais, débense proporcionar os recursos e os apoios adecuados de acordo co seu plan de atención personalizado.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico do alumnado repetidor e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final de curso, na sesión de avaliación, informarase sobre o seu

desenvolvemento e o seu aproveitamento.

O plan específico para o alumnado repetidor deberá incluír:

- a) Identificación do alumno/a.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación de información á familia.

j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación

A - Avaliación, promoción e titulación na ESO

AVALIACIÓN

A avaliación será continua, formativa e integradora. No contexto da avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o adecuado, estableceranse, en calquera momento do curso e tan pronto como se detecten as dificultades, as medidas de reforzo educativo.

A cualificación definitiva farase efectiva na avaliación final, xunto coa valoración das competencias clave.

A avaliación e recuperación de materias pendentes farase por trimestre e consistirá en probas ou traballo específico que serán publicadas e comunicadas polo centro. Preferentemente encargarase da avaliación da materia pendente o/a profesor/a do departamento ao que pertence a materia pendente e que lle imparte docencia ao/a alumno/a. No caso de que ningún membro do departamento imparta directamente docencia ao/a alumno/a, encargarase da avaliación da materia pendente o/a xefe/a do departamento correspondente. En calquera caso, o/a xefe/a de departamento coordinará a o proceso de avaliación e recuperación de materias pendentes.

PROMOCIÓN

Un/-ha alumno/a promocionará ao curso seguinte cando:

- Supere todas as materias ou todos os ámbitos.
- Teña avaliación negativa nunha ou dúas materias.
- Teña avaliación negativa en tres ou máis materias, cumprindo todas as condicións seguintes:
 - a. A media aritmética das cualificacións de todas as materias en que estea matriculada ou matriculado sexa igual ou superior a cinco.
 - b. O equipo docente considere que:
 - I. A natureza das materias suspendidas permítelle seguir con éxito o curso seguinte. (Votación do equipo docente)
 - II. A alumna ou o alumno ten expectativas favorables de recuperación. (Votación do equipo docente)
 - III. Promocionar beneficiará a evolución académica do/a alumno/a. (Votación do equipo docente)

Para que unha votación se considere aprobada debe alcanzarse a maioría simple (a metade mais un) dos membros do equipo docente do/a alumno/a.

TITULACIÓN

Un/-ha alumno/a obterá o título de ESO cando:

- Supere todas as materias ou todos os ámbitos.
- Cumpre todas as condicións seguintes:
 - a) A media aritmética das cualificacións de todas as materias en que estea matriculada ou matriculado é igual ou superior a cinco.
 - b) O equipo docente considera que:
 - I. A alumna ou o alumno adquiriu as competencias da etapa. (Votación do equipo docente)
 - II. A alumna ou o alumno alcanzou os obxectivos da etapa. (Votación do equipo docente)

Para que unha votación se considere aprobada debe alcanzarse a maioría simple (a metade mais un) dos membros do equipo docente do/a alumno/a.

Quen non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso, como medida excepcional e logo de esgotar as medidas ordinarias de reforzo e de apoio.

En todo caso, poderase permanecer no mesmo curso unha soa vez, dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio e, de xeito excepcional, un ano máis no curso 4º ESO aínda que se tivese esgotado o máximo de permanencia.

O alumnado de 4º ESO que tivese esgotado este máximo sen obter o título, poderao facer nos dous cursos seguintes a través da realización de probas ou actividades personalizadas extraordinarias das materias que non superase.

B - Avaliación, promoción e titulación no Bacharelato

AVALIACIÓN

A avaliación será continua, diferenciada e formativa.

Haberá a realización de probas extraordinarias para o alumnado que non supere algunha materia logo da avaliación final ordinaria, e unha sesión de avaliación final extraordinaria logo da realización das probas extraordinarias. Isto será así tamén para as materias pendentes.

As cualificacións expresaranse numericamente de 0-10 sen decimais, consideraranse negativas as cualificacións inferiores a cinco, e nas probas extraordinarias pode consignarse non presentado/a (NP). Isto será así tamén para as materias pendentes.

PROMOCIÓN

Un/-ha alumno/a promocionará ao curso seguinte cando:

- Supere todas as materias ou todos os ámbitos.
- Tenña avaliación negativa nunha ou dúas materias.

TITULACIÓN

Un/-ha alumno/a obterá o título de Bacharelato cando:

- Teña avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de Bacharelato.
- Unha vez realizadas as probas de avaliación extraordinaria cumpra todas as condicións seguintes:

I. Supera todas as materias agás unha.

II. A media aritmética das cualificacións de todas as materias en que estea matriculada ou matriculado é igual ou superior a cinco.

III. Non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada na materia. Por inasistencia continuada e non xustificada enténdese ter un número inxustificado de faltas de polo menos o 10% nun dos trimestres.

IV. A alumna ou o alumno presentouse ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación (incluídas as da convocatoria extraordinaria).

V. O equipo docente considera que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias e os obxectivos vinculados a ese título. (Votación do equipo docente)

Para que unha votación se considere aprobada debe alcanzarse a maioría simple (a metade mais un) dos membros do equipo docente do/a alumno/a.

k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

A - Matrícula de honra ESO

As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final de segundo de bacharelato, obtivesen unha nota media do bacharelato igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no segundo de bacharelato. En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no segundo de bacharelato sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra.

A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación da alumna ou do alumno.

Os criterios para a concesión das mencións de matrícula de honra ao alumnado no IES Santa Irene son os seguintes:

Mellor nota media global na ESO

En caso de empate os criterios de desempate serán os que seguen e por esta orde:

1. Maior número de materias cualificadas cun 10 en 4º ESO
2. Maior número de materias cualificadas cun 9 en 4º ESO
3. Maior número de materias cualificadas cun 10 en 3º ESO
4. Maior número de materias cualificadas cun 9 en 3º ESO
5. Maior número de materias cualificadas cun 10 en 2º da ESO
6. Maior número de materias cualificadas cun 9 en 2º da ESO
7. Maior número de materias cualificadas cun 10 en 1º da ESO
8. Maior número de materias cualificadas cun 9 en 1º da ESO

9. En caso de empate, farase un sorteo público. Ao sorteo asistirá convocado pola Xefatura de Estudos, o alumnado que aspire a ter a matrícula de honra podendo asistir os pais e nais ou titores legais dos mesmos. Estarán presentes os titores ou titoras de 4º ESO e o secretario do centro, quen levantará acta.

B - Matrícula de honra Bacharelato

As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final de segundo de bacharelato, obtivesen unha nota media do bacharelato igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no segundo de bacharelato. En todo caso, cando no centro docente

o total de alumnado matriculado no segundo de bacharelato sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra.

A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación da alumna ou do alumno.

Os criterios para a concesión das mencións de matrícula de honra ao alumnado no IES Santa Irene son os seguintes:

Mellor nota media global no Bacharelato

En caso de empate os criterios de desempate serán os que seguen e por esta orde:

1. Maior número de materias cualificadas cun 10 en 2º de Bacharelato
2. Maior número de materias cualificadas cun 9 en 2º de Bacharelato
3. Maior número de materias cualificadas cun 10 en 1º de Bacharelato
4. Maior número de materias cualificadas cun 9 en 1º de Bacharelato
5. En caso de empate, farase un sorteo público. Ao sorteo asistirá convocado pola Xefatura de Estudos, o alumnado que aspire a ter a matrícula de honra podendo asistir os pais e nais ou titores legais dos mesmos. Estarán presentes os titores ou titoras de 2º de Bacharelato e o secretario do centro, quen levantará acta.

I) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas

Os diferentes departamentos didácticos do IES Santa Irene desenvolverán o currículo establecido mediante as Programacións Didácticas de cada materia/curso.

Estas programacións didácticas son públicas polo que o profesorado informará ao alumnado dos aspectos fundamentais da súa programación didáctica mediante un documento que deberá estar sempre accesible na correspondente aula virtual. Para unha adecuada información ás familias, as programacións didácticas estarán á disposición da comunidade educativa na páxina web do centro.

Na elaboración das programacións didácticas, a xefatura de cada departamento deberá coordinar e responsabilizarse da redacción da programación didáctica das diferentes materias que se integran no seu departamento.

As programacións serán entregadas ao inicio das actividades lectivas á Xefatura de estudos para o seu envío ao Servizo de Inspección Educativa.

As programacións didácticas das diferentes materias, da educación secundaria obrigatoria e de bacharelato, realizaranse seguindo o modelo establecido na aplicación PROENS, e incluírán como mínimo os seguintes elementos:

- a) Introducción.
- b) Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias.
- c) Relación de unidades didácticas coa súa secuencia e temporalización, que incluírán a parte do currículo da área, materia ou ámbito que se traballará e a relación de instrumentos de avaliación.
- d) Metodoloxía
 - a. Concrecións metodolóxicas.
 - b. Materiais e recursos didácticos.
- e) Avaliación
 - a. Procedemento para a avaliación inicial.
 - b. Criterios de cualificación con indicación do grao mínimo de consecución para a superación.
 - c) Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.
- f) Medidas de atención á diversidade.
- g) Transversalidade.
 - a. Concreción dos elementos transversais.
 - b. Actividades complementarias.
- h) Práctica docente.
 - a. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.
 - b. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

A avaliación das programacións didácticas é esencial para garantir que o proceso de ensino-aprendizaxe sexa efectivo e se adapte ás necesidades cambiantes dos estudantes e da contorna educativa. Os criterios de calidade e coherencia son fundamentais para lograr un ensino eficaz. Estes serán os aspectos que deberán ser tidos en conta á hora de avaliar as programacións:

- Claridade de Obxectivos: Avaliar se os obxectivos están claramente definidos e son coherentes co currículo e as necesidades dos estudantes.
- Relevancia de Contidos: Verificar se os contidos seleccionados son apropiados e pertinentes para alcanzar os obxectivos e as competencias a desenvolver.
- Coherencia e Secuenciación: Comprobar se a organización e secuenciación dos contidos é lóxica e facilita a aprendizaxe progresiva.

- Eficacia Metodolóxica: Avaliar a eficacia das estratexias pedagóxicas e a variedade de métodos e recursos utilizados.
- Calidade da Avaliación: Analizar a calidade dos instrumentos de avaliación e se permiten medir adecuadamente o logro dos obxectivos e competencias.
- Atención á Diversidade: Comprobar se se teñen en conta as necesidades dos estudantes con diversidade funcional ou aqueles con estilos de aprendizaxe diferentes.
- Adaptación ao Contexto: Asegurarse de que a programación sexa viable no contexto escolar e se axuste ás normativas e recursos dispoñibles.
- Flexibilidade e Actualización: Avaliar a flexibilidade da programación para realizar axustes á medida que xurdan cambios nas circunstancias ou nas necesidades dos estudantes.

m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

Dende o centro será promovida a participación do profesorado e alumnado en proxectos, plans e programas de innovación educativa, en especial daqueles promovidos pola administración educativa, tales como Plan Proxecta, Polos Creativos, Contratos-Programa, Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares, etc.

A promoción de tales plans será competencia directa da Dirección, e do profesorado que desempeñe as xefaturas de departamento, na Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Para valorar a incorporación e permanencia do centro nestes proxectos, plans e programas atenderase os seguintes criterios:

- Profesorado participante
- Os eixos vertebradores do centro: criterios pedagóxicos, atención á diversidade, convivencia e igualdade.
- Repercusión no alumnado e maior número de alumnado participante.
- Grao de compromiso dos diferentes sectores da comunidade escolar.
- Deberán desenvolver aspectos concretos do currículo da materia e do curso para a que se propoñen, permitindo poñer en práctica ou visualizar elementos teóricos, complementando así a formación do alumnado. Neste senso, deberán incorporarse ás programacións didácticas dos departamentos.
- Realizarase a finais de curso unha avaliación do grao de consecución dos obxectivos do proxecto, plan ou programa, ben a través da súa discusión en Comisión de Coordinación Pedagóxica, Claustro e Consello escolar, así como a través de enquisas e/ou instrumentos de avaliación empregados a tal efecto.
- Deberán abranguer, na medida do posíbel, áreas transversais, como a educación en igualdade e na diversidade sexual, fomentar competencia emocional e autoestima, así como a socialización do alumnado.
- Valoraranse aqueles plans, proxectos ou programas que impliquen a participación en actividades complementarias ou extraescolares, aqueles que fomenten as metodoloxías activas e innovadoras, que traballen sobre a realidade cotiá ou a contorna próxima, que supoñan unha aprendizaxe baseada en proxectos ou actividades de aprendizaxe-servizo e/ou estén focalizados en actividades multidisciplinares nas que colaboren diferentes departamentos ou equipos de dinamización.
- Deberán resultar gratuítos ou teren o menor custo posible, para favorecer a participación do alumnado con menos recursos.
- En liñas xerais, deberán fomentar a participación da maior cantidade de alumnado posible.

n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

Durante o mes de xullo avaliarase e modificarase, de ser o caso, a concreción curricular por medio dos seguintes:

- Reunión da comisión de coordinación pedagóxica (CCP).
- Instrumentos de avaliación con indicadores de logro en forma de enquisa para o profesorado.

As propostas de mellora implementaranse de cara ao próximo curso académico.

Indicadores de logro

- Os obxectivos xerais de etapa adecúanse ao contexto do centro.
- As medidas e actuacións contempladas na concreción curricular axústanse ao contexto de alumnado e so efectivas.
- O emprego das metodoloxías recollidas na concreción curricular, así como os materiais empregados favorecen a implementación da filosofía do DUA.
- Os criterios para o desenvolvemento das actividades complementarias son axeitados para que todos os departamentos propoñan actividades dun xeito equilibrado.

- Os criterios para o desenvolvemento dos plans de reforzo para alumnado repetidor e alumnado con materias pendentes son eficaces.
- As pautas xerais para a avaliación continua foron aplicadas e axeitadas.
- As pautas xerais para a avaliación inicial foron aplicadas e axeitadas.
- As pautas xerais para a avaliación obxetiva foron aplicadas e axeitadas.

o) Outros apartados

1. Non se contemplan outros apartados

Non se contemplan outros apartados